



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 2 de decembro de 2020**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 25 de novembro de 2020.
2. Apróbase o expediente de contratación do “Subministro do alumeado público de Nadal do Concello de Marín”, por procedemento negociado sen publicidade.
3. Rectifícanse erros materiais e aritméticos detectados no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que ha de rexer a contratación do servizo de “Elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Municipio de Marín”. A presente actuación está cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cunha taxa de cofinanciamento do 80%, no Marco do Eixo 12 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 e, máis concretamente, da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) do Concello de Marín, Marín 2020.
4. Apróbase o proxecto de “Substitución de impermeabilización e do pavimento de praza pública. Nivel superior”, cun orzamento de 196.019,29 euros, IVE excluído.
5. Apróbase o proxecto e solicítase autorización para reinvestimento de baixa xerada no Plan concellos 2018-2019 con destino ó proxecto “Mellora do alumeado público exterior no lugar de Castro”, por importe de 73.763,98 euros, da Deputación de Pontevedra.
6. Apróbase o proxecto e solicítase autorización para reinvestimento de baixa xerada no Plan concellos 2018-2019 con destino ó proxecto “Nova sala de caldeiras e aseos accesibles”, por importe de 47.826,53 euros, da Deputación de Pontevedra, comprometendo o Concello unha achega de 9.768,13 euros.
7. Apróbase o proxecto e solicítase autorización para reinvestimento de baixa xerada no Plan concellos 2018-2019 con destino ó proxecto “Construción dun columbario e 8 panteóns no Cemiterio Municipal da Raña”, por importe de 69.352,80 euros, da Deputación de Pontevedra.
8. Concédese licenza para reformar a cuberta da vivenda existente en Arealonga, 24, Marín.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da autorización para reinvestimento de baixa xerada no Plan Concellos 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 15.953,86 euros, con destino ó investimento “Material informático para facilitar o teletraballo no Concello de Marín”.
2. Dáse conta da autorización para reinvestimento de baixa xerada no Plan concellos 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 12.068,94 euros, con destino ó investimento “Mellora da eficiencia enerxética no alumeado público exterior da rúa Méndez Núñez.
3. Concédese licenza de obras para a rehabilitación de vivenda unifamiliar en lugar de Moledo, 59, Marín.

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es





ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - [www.marin.es](http://www.marin.es)

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400066FC400T3D5Q2Y3C3Y4 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b> MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 02/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/12/2020 19:16:52	<b>DOCUMENTO 20200421828</b> Fecha: 02/12/2020 Hora: 19:16
--	--	--

